

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CLÚSTER DA PIZARRA DE GALICIA PARA DESENVOLVER NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE A DIXITALIZACIÓN DE MATERIAIS E PRODUTOS DO SECTOR DA LOUSA COMPATIBLE CON SISTEMAS TECNOLOXÍA BIM.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Clúster da Pizarra de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

regular a colaboración entre a CEII e o CLÚSTER para levar a cabo durante o ano 2023 a dixitalización de materiais e produtos do sector da lousa compatible con sistemas tecnoloxía BIM, en concreto:

1. BIMOBJECT levará a cabo:

- Análise particularizado das solucións técnicas "xenéricas" a desenvolver
- Desenvolvemento das solucións técnicas acordadas como obxectos BIM (ex, fachada ventilada de pedra natural, etc).
- Creación das páxinas de "marca" e as páxinas de produto do CLÚSTER na plataforma BIMobject.com.
- Xornada informativa para as empresas do CLÚSTER do propósito e alcance destas solucións técnicas.

2. A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA PIZARRA pola súa banda no referente aos MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN deberá:

- Achegar a seguinte documentación: Nome do produto, descrición, espesor, condutividade térmica, densidade, resistencia á abrasión, resistencia ao fogo, absorción acústica do impacto, modulo de rotura, absorción de auga, ciclo de xeo/desxeo, contido en carbonato cálcico e de carbonato non carbonatado, exposición ao dióxido de xofre, ciclo térmico, etc...





- En canto aos SISTEMAS CONSTRUTIVOS, se deberá achegar, ademais da documentación anterior, as CAPAS que compoñen a cuberta de lousa en cada caso, como mellor solución construtiva.

- Por outra banda, tamén se achegarán fotografías dos distintos materiais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG núm. 126, do 04.07.2022), configura esta (actual Consellería de Economía, Industria e Innovación conforme ao Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia) como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

O CLÚSTER, constituído por corenta empresas que teñen a súa actividade relacionada coa lousa, ten entre os seus fins, o incremento do nivel de competitividade do sector da lousa, promovendo e impulsando a execución de proxectos concretos de carácter innovador e a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, servir de centro de documentación para todos os asociados e realizar os estudos, así como calquera outras competencias, facultades ou funcións que se consideren necesarias ou convenientes para o cumprimento dos seus fins.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a)





da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 05.03.734A-780.0** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital
O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

